



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE TRAMITACIÓN SUBVENCION NOMINATIVA
COMISIÓN DE FESTAS DAS PERAS 2023**

EXPEDIENTE Nº 2023/G003/000793

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO, ALCALDE EN FUNCIONS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA). DELEGACIÓN CONFERIDA POR DECRETO DA ALCALDÍA DE 26/12/2023

Considerando o que se dispón nos artigos 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no artigo 65 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RLXS), no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e nos artigos 9 e 22 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

Despois de ver que a Base nº 39 das Bases de execución do orzamento do ano 2022, contéplase unha subvención nominativa a favor da COMISION DE FESTAS AS PERAS CIF. G701774316, actuando en nome e representación don Antonio Varela Álvarez con DNI. 32.571.389P por un importe máximo de 70.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 338.48001.

Considerando que a dita subvención nominativa debe instrumentarse a través dun convenio de colaboración, ao abeiro do que se dispón nos artigos 26 LSG, 65 RLXS, e 22 Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

Tendo en conta toda a documentación que consta no expediente e despois de ver o informe de fiscalización da Intervención municipal do 26/12/2023 de referencia 275/2023, que consta no expediente.

Considerando que esta subvención nominativa supón unha gran axuda posto que a actividade presenta un claro interese público, social e económico xa que a Festa das Peras é un dos eventos máis importantes dentro do calendario eumés con gran arraigo e participación cidadán e de tradición popular, que contribúe a crear o ambiente festivo que redunda beneficiosamente tanto no ámbito social como económico do Concello.

Considerando o establecido no artigo 22 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume en canto á competencia desta Alcaldía para o ditado do presente acto, e considerando o establecido no indicado no artigo en canto a que o convenio establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa ordenanza e permitirán canalizar as subvencións nominativas previstas orzamentariamente e determina o contido mínimo dos mesmos.

En todo caso aos beneficiarios destas subvencións seralles aplicable o réxime de incompatibilidades previstas no art. 13.2 e 3 da L.X.S.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Solventar a discrepancia plantexada no informe da Intervención Municipal de referencia 275/2023 polo interese público que conleva a realización das festas e aprobar o



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

convenio de colaboración entre o Concello de Pontedeume e a Comisión de Festas As Peras para o financiamento das actividades durante o ano 2023, que se xunta como anexo, e que se continue o procedemento para asinar o Convenio.

SEGUNDO. Aprobar o gasto derivado do antedito convenio por un importe máximo de 70.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 338.48001.

TERCEIRO. Notificar este acordo á Comisión de Festas As Peras para a súa debida constancia e para os efectos oportunos.

CUARTO. Dar traslado deste acordo á Intervención e Tesourería municipal para os seus efectos.

QUINTO. Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo D. José Simoes Couceiro, alcalde en funcións do Concello de Pontedeume, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretario/a, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – N° REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

FIRMADO POR José Simoes Couceiro (FECHA: 27/12/2023 15:46:00)

, Ana Ramos Ramos

(FECHA: 27/12/2023 15:35:00)

Decreto N°: 735/2023 - Fecha de decreto: 27/12/2023
Versión imprimible

CVD: xZHUNUMxeQwqURpSaRcL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.